



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRAL DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

(1) A Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de prevención de incendios forestais.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a Amtega para a realización do proxecto de desenvolvemento, posta en funcionamento e soporte do sistema de xestión integral da biomasa nas faixas secundarias dentro do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

(2) **Antecedentes:** O día 9 de agosto de 2018, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA asinaron un convenio de colaboración en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O devandito convenio foi publicado no DOG por Orde da Consellería do Medio Rural de data 9 de agosto de 2018 (DOG Núm. 156 de data 17 de agosto de 2018).

O seu obxecto é “instrumentar a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao presente convenio mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa” e ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas da interface urbana garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.





A adenda recentemente asinada na súa cláusula quinta bis recolle a necesidade de desenvolver un sistema informático para o control das actuacións a través da denominada plataforma para a xestión da biomasa e dun visor para mellorar a transparencia do sistema. A execución do soporte informático levarao a cabo a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) mediante a sinatura do correspondente acordo de colaboración coa Consellería de Medio Rural.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa AMTEGA o acordo arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do acordo ata o 31/12/2021.

(4) O acordo ten por obxecto dar soporte informático as actuacións dos distintos actores que interveñen no Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias e que permita unha trazabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por SEAGA, pola Administración autonómica, e polos cidadáns con parcelas nas devanditas faixas.

(5) O acordo que se pretende asinar fundaméntase no desenvolvemento dunha aplicación que comprenderá os seguintes aspectos en relación co Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias:

- Xestión dos procesos de adhesión dos concellos
- Xestión das parcelas incluídas nas faixas, e da titularidade destas
- Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas, e as actuacións concretas asociadas
- Xestión da comunicación cos titulares
- Xestión da relación dos titulares a devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual e contable.





- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas
- Xestión de execucións subsidiarias sobre parcelas nas devanditas faixas, comisos, cortas, expropiacións
- Xestión da madeira asociadas as cortas, comisos.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do acordo de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste acordo, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela  
O director xeral de Defensa do Monte  
Tomás Fernández-Couto Juanas  
(*asinado dixitalmente*)

